

HISTORIA DA FILOSOFÍA

OPCIÓN A

Lea atentamente o seguinte e texto de PLATÓN e a partir del responde as cuestións que se formulan.

- **Teña en conta que se trata de cuestións interrelacionadas. Procure integrar as respostas nunha composición redactada de maneira unitaria.**
- **Na avaliación da proba teranse en conta non só os contidos do exposto (coñecemento da materia), senón tamén as calidades formais da exposición, tanto nos aspectos relativos ao uso dun vocabulario apropiado, coma no referente á corrección sintáctica, ortográfica e retórica.**

TEXTO

Imaxina homes nunha especie de morada subterránea en forma de caverna, cunha longa entrada aberta, en toda a súa extensión, á luz e imaxina que están alí dende nenos coas pernas e o pescozo encadeados de maneira que teñen que permanecer alí e mirar unicamente cara adiante, pois as cadeas impídenlles xirar a cabeza.

(...)

-Considera agora qué pasaría se fosen liberados das súas cadeas e curados da súa ignorancia e, se consonte á súa natureza, lles ocorrese isto: que un deles fose ceibado e obrigado de súpeto a levantarse, a volver o pescozo, a camiñar e a mirar cara á luz e que, ao facer isto, sufrise e que a causa do escintileo da luz non fose quen de percibir aquelas cousas das que ata entón vía sombras. ¿Que cres que respondería se alguén lle dixese que ata entón só tiña visto bagatelas e que agora, en cambio, máis próximo ao real e volto de cara a obxectos máis reais, mira máis correctamente? E ademais se se lle mostrasen cada unha das cousas que pasan e se lle obrigase a contestar as preguntas acerca do que é cada unha, ¿non cres que se acharía en apuros e que consideraría que as cousas que vía antes eran máis verdadeiras que as que agora se lle amosan?

-Moito máis.

-E se se lle forzase a mirar á luz mesma, ¿non cres que lle doerían os ollos e que fuxiría virando cara ao que pode contemplar e que crería que estas son máis claras que as que se lle amosan?

-Así é.

-E se alguén o levase á forza pola esgrevia e empinada subida e non o soltase ata chegar á luz do sol ¿non adoecería e se irritaría por ser arrastrado e, despois de chegar á luz, tería os ollos cegados, sen poder ver sequera un só dos obxectos que agora chamamos verdadeiros.

-Certamente, polo menos de inmediato.

-Necesitaría afacerse, creo eu, para ser quen de ver as cousas de arriba. E primeiramente vería con máis facilidade as sombras e despois, as imaxes de homes e doutros obxectos reflectidos nas augas, e por último ás cousas mesmas. E despois diso, contemplaría máis doadamente pola noite as cousas do ceo e o mesmo ceo, dirixindo a mirada á luz das estrelas e da lúa, e durante o día ao sol e ao que a el lle pertence.

PLATÓN, República libro VII, 514a—517c

CUESTIÓNS PRINCIPAIS ÁS QUE DEBE DAR RESPONSTA A COMPOSICIÓN

I) Marco histórico e conceptual: (avaliación: de 0 a 2,5 puntos)

- Situar o autor do texto no marco histórico-cultural e filosófico da súa época.
- Cuestión contextual: os sofistas e Sócrates.

II) Comprensión: (avaliación: de 0 a 6 puntos)

- Lea atentamente o texto e a partir del responde a seguinte cuestión temática: a teoría platónica das ideas: mundo sensible e mundo intelixible.

III) Cuestión transversal: (avaliación: de 0 a 1,5 puntos)

- Atendendo á problemática do texto e á cuestión temática, expoña –con claridade e rigor conceptual–, as relacións (de semellanza ou diferenza) con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da “Historia da Filosofía”.
- Comentario persoal.

HISTORIA DA FILOSOFÍA

OPCIÓN B

Lea atentamente o seguinte e texto de KANT e a partir del responde as cuestións que se formulan.

- **Teña en conta que se trata de cuestións interrelacionadas. Procure integrar as respostas nunha composición redactada de maneira unitaria.**
- **Na avaliación da proba teranse en conta non só os contidos do exposto (coñecemento da materia), senón tamén as calidades formais da exposición, tanto nos aspectos relativos ao uso dun vocabulario apropiado, coma no referente á corrección sintáctica, ortográfica e retórica.**

TEXTO

Así pois, asemade enfastiados do dogmatismo que nada nos ensina e mais do escepticismo que nada nos promete, nin tan sequera o retiro nunha lícita ignorancia; requiridos pola importancia do necesario coñecemento, e desconfiados, pola nosa longa experiencia, verbo de todos aqueles coñecementos que coidamos posuír, ou daqueles que se nos ofrecen baixo o título da razón pura, o único que nos queda é unha pregunta crítica, consonte a cuxa resposta podemos no futuro dispoñer o noso proceder: ¿É posible, en xeral, a metafísica? Esta pregunta, non obstante, non ha de ser respondida con obxeccións escépticas fronte a unha metafísica existente (pois agora non damos por boa ningunha), senón a partir do concepto puramente problemático dunha tal ciencia. [1]

“Crítica da razón“ designa aquí o verdadeiro camiño intermedio entre o dogmatismo, que Hume combateu, e o escepticismo que el, pola contra, quixo introducir: un camiño intermedio que non recomenda, tal como fan outros camiños intermedios, determinarse un mesmo de xeito, digamos, mecánico (algo de un e algo do outro), que a ninguén abren os ollos, senón un camiño tal que se poida determinar exactamente segundo principios. [2]

I. KANT, *Prolegómenos a toda metafísica futura que poida presentarse como ciencia.*

CUESTIÓNS PRINCIPAIS ÁS QUE DEBE DAR RESPONSA A COMPOSICIÓN

I) Marco histórico e conceptual: (avaliación: de 0 a 2,5 puntos)

- Situar o autor do texto no marco histórico-cultural e filosófico da súa época.
- Cuestión contextual: as novas ideas: progreso, educación ou iluminación, humanidade, civilización, natureza.

II) Comprensión: (avaliación: de 0 a 6 puntos)

- Lea atentamente o texto e a partir del responde a seguinte cuestión temática: a síntese entre racionalismo e empirismo en Kant.

III) Cuestión transversal: (avaliación: de 0 a 1,5 puntos)

- Atendendo á problemática do texto e á cuestión temática, expoña –con claridade e rigor conceptual–, as relacións (de semellanza ou diferenza) con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da “Historia da Filosofía”.
- Comentario persoal.